

É unha representación teatral sen palabras. A ciencia pode chegar a nós tamén sen comunicación verbal. Neste caso só coa imaxe. Non só é unha aposta por desvincular as explicacións e a transmisión da ciencia da linguaxe oral, senón potenciar a capacidade de observación, da simple observación que nos leve a profundar na explicación científica do que estamos a ver. E tamén pretende chegar a colectivos –coma o dos xordos- que non teñen as mesmas posibilidades de comunicación que o resto da sociedade. Procuramos ademais transmitir a todos os públicos o espírito e o traballo científico, mostrando que a ciencia pode ser divertida aínda que require estudo, esforzo e coñecemento.

A obra abrangue unha sucesión de experimentos científicos ou demostracións de algún concepto da ciencia que son realizados por dúas personaxes, un profesor científico con toga e birrete e o seu compañeiro, burlón, pasota e un chisco toupón. A ciencia require estudo, esforzo e coñecemento, e a recompensa (non necesariamente monetaria!) pode ser moi grande para as persoas que chegan a ela.

Vai dirixida a todos os públicos, adaptándose o guión ás diferentes idades.



UNIVERSIDADE DE VIGO

Botana Ferreiro, Francisco (Univ. Vigo)
García Parada, Eduardo (IES Pazo da Mercé)
González Fernández, Pío Manuel (Univ. Vigo)
Izquierdo Pazó, Milagros (Univ. Vigo)
López de Silanes Vázquez, M^a Eugenia (Univ. Vigo)
Serra Rodríguez, Julia (Univ. Vigo)
Serra Rodríguez, Lucinda (Univ. Aveiro)
Souto Otero, José Carlos (Univ. Vigo)



Este proxecto é financiado pola Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.



**O grupo ROTO e DESCOSIDO
 presenta**

**Teatro Científico
 "Ciencia sen palabras"**

Guión orixinal: Pío M. González

Adaptación dramática: Carlos Godoy

Actores: Carlos Godoy e Agustin Leirós